



ESCULTURA PROVINCIAL ROMANA

Nesta ala da denominada “Sala dos Mosaicos”, exhibíense algunhas das manifestacións da plástica provincial romana en pedra que alberga o Museo.

Presidindo a sala atopamos a **Estela de Crecente**, sobre soporte rectangular vertical con cabeceira redondeada. Cos seus 2,80 m de altura é unha das máis monumentais da península. O seu frontal organízase en tres rexistros, conxugándose o grupo escultórico co texto epigráfico e unha parte inferior a xeito de toco. No grupo escultórico represéntase un grupo familiar indíxena, emigrados da zona setentrional do río Tambre, de certo rango social, composto polo pai, Ambolo, a nai, de nome descoñecido, que sostén no colo o seu fillo pequeno, Apano, e a moza Apana, de 25 anos, a quen se lle dedica a estela. Vístense e representan a moda romana da época, pero conservan a súa onomástica autóctona.

Nun dos seus lados, móstrase a **Estela de Adai**, en cuxo anverso aparecen dúas figuras sedentes de diferente sexo, vestidas e peiteadas ao xeito tardío. No reverso hai dúas escenas, na superior móstrase unha escena de loita entre un home e un oso e na inferior tres aves. A continuación a **Estela de Atán**, en cuxo anverso se representan dúas figuras sedentes, actualmente decapitadas e vestidas con togas e túnicas de grandes dobras. No reverso dous cabalos, cada un co seu xinete e marchando cara á esquerda, e separada por unha moldura horizontal, unha escena inferior na que aparecen un xabaril e un lepórido.

Ao outro lado figuran outras dúas estelas bifrontes, labradas en baixo relevo con representacións figuradas, probablemente de carácter funerario. No anverso da **Estela da Loba Capitolina** represéntase unha figura sedente única e no da outra, a **Estela de Hércules** dous personaxes. E complétanse os reversos con escenas mitolóxicas clásicas. Estas catro pezas constitúen o maior conxunto de estelas bifrontes expostas nun museo de Galiza. Isto fai sospeitar da existencia na época romana dun taller lapidario lucense, coñecedor de temas e programas cultos.

Completan a mostra, dun lado, o **Relevo de Vilarín**, realizado sobre un perpiaño de granito e no que se representan de perfil e camiñando un detrás doutro, un touro coa cabeza ergueita, unha vaca e o corpo dun tenreiro. O relevo debeu de pertencer a un edificio, posiblemente altoimperial, situado nunha zona próxima á vía XIX.

E por último, o **Togado de Saa**, unha das poucas esculturas desta época en vulto redondo labrada en granito de Galiza. Representa unha figura togada, seguramente masculina, aínda que tampouco se descarta que se trate dunha matrona.



Hoja de sala / Castellano

ESCULTURA PROVINCIAL ROMANA

7

En esta ala de la denominada “Sala de los Mosaicos”, se exhiben algunas de las manifestaciones de la plástica provincial romana en piedra que alberga el Museo.

Presidiendo la Sala se encuentra la **Estela de Crecente**, sobre soporte rectangular vertical con cabecera redondeada. Con sus 2,80 m. de altura es una de las más monumentales de la Península. Su frontal se organiza en tres registros, conjugándose el grupo escultórico con el texto epigráfico y una parte inferior a modo de tocón. En el grupo escultórico se representa a un grupo familiar indígena, emigrados de la zona septentrional del río Tambre, de cierto rango social, compuesto por el padre, Ambolo, la madre, de nombre desconocido, que sostiene en su regazo a su hijo pequeño, Apano, y la joven Apana, de 25 años, a quien se dedica la estela. Se visten y representan a la moda romana de la época, pero conservan su onomástica autóctona.

En uno de sus lados se muestran la **Estela de Adai**, en cuyo anverso aparecen dos figuras sedentes de diferente sexo, vestidas y peinadas a la manera tardía, en el reverso hay dos escenas, en la superior se muestra una escena de lucha entre un hombre y un oso y en la inferior tres aves. A continuación la **Estela de Atán**, en cuyo anverso se representan dos figuras sedentes, actualmente decapitadas y vestidas con togas y túnicas de grandes pliegues; en el reverso dos caballos con sendos jinetes marchando hacia la izquierda, y separada por un baquetón horizontal, una escena inferior en la que aparecen un jabalí y un lepórido.

Al otro lado figuran otras dos estelas bifrontes, labradas en bajo relieve con representaciones figuradas, probablemente de carácter funerario. En el anverso de la **Estela de la loba Capitolina** se representa una figura sedente única y en el de la otra, la **Estela de Hércules** dos personajes, completándose los reversos con escenas mitológicas clásicas. Éstas cuatro piezas constituyen el mayor conjunto de estelas bifrontes expuestas en un museo de Galicia. Esto hace sospechar de la existencia en época romana de un taller lapidario lucense conocedor de temas y programas cultos.

Completan la muestra a un lado el **Relieve de Vilarín**, realizado sobre un sillar de granito en el que se representan de perfil y caminando uno detrás de otro, un toro con la cabeza erguida, una vaca y el cuerpo de un ternero. El relieve debió de pertenecer a un edificio, posiblemente altoimperial, situado en una zona próxima a la vía XIX.

Y por último, el **Togado de Saa**, una de las pocas esculturas de esta época en bulto redondo labrada en granito de Galicia. Representa una figura togada, seguramente masculina, aunque tampoco se descarta que se trate de una matrona.